

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

NUMERO EXPEDIENTE	2023069636
ASUNTO	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ENSILADO, SEMENTADO, APLICACIÓN DE HERBICIDA, ABONADO E ROZA DAS PARCELAS DA FINCA MOURISCADÉ.
TRÁMITE	Incoación do expediente

O Deputado Delegado da Finca Mouriscadé, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

1. NECESIDADE E IDONEIDADE

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa Finca Mouriscadé situada no termo municipal de Lalín.

Un dos obxectivos do centro é mellorar a calidade das explotacións gandeiras da provincia a través do servizo de transferencia embrionaria. Este servizo de transferencia de embrións lévese a cabo mediante a extracción de embrións dos animais que hai na propia finca, debido a que son de alta cualificación xenética, e implántanse nas explotacións gandeiras da provincia que así o requiran, sendo de aplicación os prezos públicos vixentes. O dispoñer de animais posibilita o desenvolvemento de programas con entidades públicas e privadas ou estudos na planta experimental de Biogás.

O programa de mellora xenética desenvolvido na Finca Mouriscadé ten como finalidade mellorar as condicións do sector primario, facendo explotacións cada vez máis eficientes, o que facilita a fixación de poboación no rural. Este programa lévese prestando dende fai moitos anos polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector, podendo anticipar e adaptar o programa as cambiantes necesidades do sector.

Este gando aliméntase mediante compras directas de produtos alimenticios e tamén mediante a colleita dos forraxes que producen as parcelas da propia finca.



A produción de forraxe é estacional, habendo épocas (fundamentalmente primavera) nas que os animais non consumen toda a forraxe existente, e outras nas que a produción de forraxe (verán e inverno) non é suficiente para a alimentación dos animais. Por este motivo hai que recoller, almacenar e conservar adecuadamente o excedente de forraxe de determinadas épocas do ano para despois usalo nas épocas en que escasea ou simplemente non hai forraxe.

Un método de almacenamento e conservación de forraxe é o ensilado, que basicamente consiste na corta, presecado, recollida e picado da forraxe e transporte a un lugar onde se amontoa para ser compactado adecuadamente eliminando, o máximo posible, o aire e despois tapase mediante unha lámina plástica procurando evitar a entrada de aire para que, en ausencia de osíxeno, se produza unha fermentación anaeróbica que fai que ese forraxe se conserve durante moito tempo e sexa apetecible para que os animais e teñan alimento durante todo o ano.

Así recolleita do forraxe debe de facerse na época óptima:

- Se non se recolle na súa época o rendemento produtivo das parcelas é menor debido a que a forraxe antiga impide o crecemento da nova.
- Non recoller a forraxe no seu momento implica que esta se faga máis leñosa e perda calidade nutritiva de cara a alimentación dos animais non permitindo o posterior pastoreo nesas parcelas.
- Ao recoller a forraxe renóvanse as parcelas co que a nova forraxe que saia terá unha calidade nutritiva maior.
- A forraxe recolleita nas parcelas é necesario que teña un proceso de fermentación anaeróbica para a súa conservación (ensilado), almacenamento e posterior utilización en épocas de carestía de forraxe nas parcelas debido a estacionalidade produtiva sinalada.

Polo sinalado e coa finalidade de alimentar os animais existentes na Finca Mouriscade, é necesario iniciar a contratación dunha serie de traballos con maquinaria especializada e suficiente nas parcelas dedicadas a cultivo.

A Deputación de Pontevedra carece dos medios materiais e humanos necesarios para a realización deste servizo, polo que é necesario acudir a unha contratación externa. Para a realización destes traballos con medios propios, sería necesario contar con maquinaria especializada que implicaría unha gran inversión, que non se xustifica porque trátase de tarefas puntuais.



Trátase de conseguir o máximo aforro económico no prezo do servizo obxecto do contrato, mellorar a prestación do devandito servizo e lograr unha maior eficiencia na utilización dos fondos.

Nas actividades desenvolvidas na Finca de Mouriscade perséguese mellorar as condicións dos gandeiros, cooperativas agrogandeiras e empresas do sector na provincia. A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

2. SERVIZO SOLICITANTE*:

MEDIO AMBIENTE	
Responsable do contrato:	A xefatura do servizo de Medio Ambiente ou persoa na que delegue.
Responsable da Administración:	A xefatura do servizo de Medio Ambiente ou persoa na que delegue.

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:

Denominación do contrato:	Contratación do servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas de la Finca Mouriscade.																									
Obxecto e contido:	<p>Constitúe o obxecto do contrato o servizo de ensilado herba, sementado de millo, ensilado de millo, sementado de herba, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da Finca Mouriscade, que se detallan a continuación:</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>LIN</th> <th>SERVIZO</th> <th>UNIDADES</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>1</td> <td>Corta e ensilado de herba</td> <td>50 Ha</td> </tr> <tr> <td>2</td> <td>Sementado de millo</td> <td>18 Ha</td> </tr> <tr> <td>3</td> <td>Corta e ensilado de millo</td> <td>18 Ha</td> </tr> <tr> <td>4</td> <td>Sementado de herba</td> <td>20 Ha</td> </tr> <tr> <td>5</td> <td>Aplicación de herbicida á colleita do millo</td> <td>36 Ha</td> </tr> <tr> <td>6</td> <td>Carga e espaxado do esterco producido na Finca Mouriscade</td> <td>800 M³</td> </tr> <tr> <td>7</td> <td>Roza das marxes das parcelas</td> <td>10 km</td> </tr> </tbody> </table> <p>As prescricións técnicas son as que se definen no prego técnico.</p>		LIN	SERVIZO	UNIDADES	1	Corta e ensilado de herba	50 Ha	2	Sementado de millo	18 Ha	3	Corta e ensilado de millo	18 Ha	4	Sementado de herba	20 Ha	5	Aplicación de herbicida á colleita do millo	36 Ha	6	Carga e espaxado do esterco producido na Finca Mouriscade	800 M ³	7	Roza das marxes das parcelas	10 km
LIN	SERVIZO	UNIDADES																								
1	Corta e ensilado de herba	50 Ha																								
2	Sementado de millo	18 Ha																								
3	Corta e ensilado de millo	18 Ha																								
4	Sementado de herba	20 Ha																								
5	Aplicación de herbicida á colleita do millo	36 Ha																								
6	Carga e espaxado do esterco producido na Finca Mouriscade	800 M ³																								
7	Roza das marxes das parcelas	10 km																								



CPV:	77300000-Servicios hortícolas.	
Lotes	<input type="checkbox"/> SI	Son os seguintes:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON:	Xustificación: Pola necesaria coordinación entre os distintos traballos non procede a división en lotes. A natureza do obxecto do contrato implica a necesidade de coordinar a execución das diversas prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:

Tramitación proposta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urxente, motivación: <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%;"></div>
Tramitación anticipada:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Incluído no plan anual de contratación:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

5. FINANCIACIÓN*:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	410.4120.227.99	44.917,62 €

O custo derivado deste servizo ten a particularidade de que a efectos contables o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), vai ser deducido coa facturación.



O importe do gasto correspondente a anualidade 2024 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN:

Prazo de execución/duración do contrato:	O prazo de execución será dende a notificación da adxudicación e ata o 31 de decembro de 2024.
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	X SI <input type="checkbox"/> NON Número de prórrogas: Dúas. Duración de cada prórroga: 1 anualidade.

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

CONCEPTO	CUSTO
1. Custos directos	36.688,41 €
2. Custos indirectos	1.834,42 €
3. Beneficio industrial	2.311,37 €
4. IVE	4.083,42 €
TOTAL	44.917,62 €

De acordo co seguinte desglose:



LIN	Servizo	Cant.	UDS	Costes directos	Costes indirectos (5%)	Beneficio industrial (6%)	Prezo unitario total	UDS	IMPORTE
1	Ensilado de herba	50	Ha	409,08	20,45	25,77	455,30	(€/Ha)	22.765,00
2	Sementado de millo	18	Ha	110,96	5,55	6,99	123,50	(€/Ha)	2.223,00
3	Ensilado de millo	18	Ha	346,81	17,34	21,85	386,00	(€/Ha)	6.948,00
4	Sementado de herba	20	Ha	110,96	5,55	6,99	123,50	(€/Ha)	2.470,00
5	Aplicación de herbicida	36	Ha	48,25	2,41	3,04	53,70	(€/Ha)	1.933,20
6	Carga e espaxado do esterco producido na Finca Mouriscade.	800	M/3	2,33	0,12	0,15	2,60	(€/M/3)	2.080,00
7	Roza das marxes das parcelas que integran a Finca Mouriscade	10	KM	216,98	10,85	13,67	241,50	(€/KM)	2.415,00
ORZAMENTO MÁXIMO:									40.834,20
IVE (10 %):									4.083,42
TOTAL:									44.917,62

As cantidades que se relacionan son unicamente a efectos informativos e orientativos polo que, a Deputación de Pontevedra non quedará obrigada a adquirir estas cantidades, se non que estarán subordinadas as necesidades da Finca Mouriscade.

A/o contratista correrá con todos os gastos de operarios, maquinaria e equipos, dietas e cuantos sexan necesarios para a boa execución do obxecto do contrato, así como os gastos derivados da obtención de autorizacións, permisos, licenzas, anotacións en rexistros oficiais e inspeccións administrativas, os que requira a obtención de documentos, información, traballos ou informes necesarios, e os tributos, arbitrios, dereitos ou aranceis de calquera clase que se perciban, e calquera outro gasto a que dea lugar a execución do contrato.

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS

De acordo co disposto no artigo 102 da LCSP, o cálculo deste orzamento máximo foi fixado axustándose aos prezos de mercado destes servizos. Para o cálculo do mesmo revisáronse os prezos que na actualidade, en termos xerais, oferta o sector.

8. RÉXIMEN DE PAGOS:

O pagamento do contrato realizarase de forma parcial contra a presentación da correspondentes facturas, correspondentes a cada servizo, logo da súa fiscalización e control. A estes efectos, cada servizo entregarase co correspondente albará non que se identificará claramente o tipo e a cantidade dos das prestacións realizadas.



9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS:

<input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
<input type="checkbox"/> Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	<input type="checkbox"/> SI: Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
	<input type="checkbox"/> NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
X Non procede	(Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)

10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA:

Habilitación empresarial ou profesional específica	<input type="checkbox"/> SI: Especificación e explicación:
	X NON
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	
X O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)
SOLVENCIA TÉCNICA	
X O aplicable en defecto de previsión	
<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input type="checkbox"/> Non procede	(Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado)



COMPROMISO DE MEDIOS

11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Criterio:	A presente licitación adxudicarase á mellor oferta tendo en conta un único criterio de valoración: o prezo.
Xustificación:	En base ao artigo 145 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, este contrato cumpriría o recollido no apartado g) Contrato de servizos, "salvo que as prestacións estean perfectamente definidas tecnicamente e non sexa posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións de ningunha clase de contrato, sendo por conseguinte o prezo o único factor determinante da adxudicación". Por este motivo, enténdese xustificado o criterio único do prezo para este contrato.

12. PENALIZACIÓN:

As previstas nos pregos administrativos.

13. OUTRAS CLAÚSULAS:

O adxudicatario estará obrigado a contar ao longo da vixencia do contrato unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil, non só por danos e prexuízos que se poidan ocasionar a terceiros directa ou indirectamente con motivo da prestación do servizo, senón tamén á Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.



Considerando. - Que por Resolución da presidencia, número 2023006130, de data 2 de agosto de 2023, concretada mediante Resolución Presidencial 2023006250, de data 8 de agosto de 2023, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas.

Dispongo,

Primeiro.-Iniciar ou expediente para a contratación do servizo de ensilado, sementado, aplicación de herbicida, abonado e roza das parcelas da Finca Mouriscade, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

Asinado electronicamente ao marxe.

